



ANEXO III

2024/CP/099

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta SXAI 2023-2026			
Título: Convenio de Servizos Xerais de apoio á investigación 2023-2026			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 16/06/2024	FIN: 31/10/2026
CENTRO Inv. Principal: Vicerreitoría de Investigación e Transferencia			
OBJECTO DO CONTRATO: Contratación dun técnico de I+D+i de apoio á xestión de RRHH			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Campus de Elviña; de luns a venres de 7:45 a 15:15 (37,5 horas semanais)			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/06/2024
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.129,17 €			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.99.541A.640.0006 Proxecto 00.818			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, enxeñaría, grao ou equivalente.
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria . A documentación dos méritos deberá presentarse xunto coa solicitude.
PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): TITULARES: Manuel González Penedo, Faustino Infante Roura, Marta Fernández Pérez; SUPLENTE: Javier Pereira Loureiro e Amalia Jácome Pumar
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 18 de abril de 2024

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Jerónimo Puertas Agudo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Datos do convenio:

Referencia: *Convenio Xunta SXAI 2023-2026*

Título: *Convenio de Servizos Xerais de apoio á investigación 2023-2026*

A Unidade Técnica de Xestión da Rede de Centros e Estruturas de Investigación da UDC é a unidade operativa encargada do funcionamento da dita Rede. Depende orgánica e funcionalmente da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, baixo a dirección do Director Estratéxico da Rede.

Entre outras, son funcións da Unidade Técnica de Xestión, as seguintes:

- Analizar o contexto local, autonómico, nacional e internacional na busca de nichos estratéxicos e oportunidades de acción dos Centros e unidades de I+D+i.
- Elaborar e manter actualizados paneis de indicadores de desempeño de I+D+i da UDC para monitorizar o desenvolvemento das unidades e permitir análises de benchmarking con outras universidades e entidades de referencia e desenvolver un cadro de mando integral para a xestión da I+D+i na universidade.
- Potenciar o emprego de instrumentos conxuntos, identificando actuacións complementarias entre os integrantes da Rede.
- Elaborar un plan de acción anual que atenda ás necesidades prioritarias, deseñando as accións e programas estratéxicos que se ten previsto realizar de acordo coa asignación de recursos, incluíndo os mecanismos necesarios para verificar a súa implementación.
- Desenvolver as ferramentas necesarias para instrumentar as accións estratéxicas da Rede conforme aos obxectivos de creación e ao Plan de acción anual.
- Emitir informes preceptivos para a aprobación de novos centros ou unidades de I+D+i ou calquera outro informe que lle sexa requirido pola comisión reitora.

Para o cumprimento das funcións encomendadas é preciso contar con persoal, con experiencia e capacidade demostrable na xestión de RRHH, xestión de equipos complexos, diseño e optimización de procesos de xestión e xestión económica, cunha traxectoria contrastada no sector empresarial e universitario.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**Tarefas a desenvolver:**

Con base ao exposto, as tarefas a realizar con este contrato son:

- Definir e colaborar nas estratexias dos centros de investigación para que desenvolvan unha correcta xestión de RRHH.
- Dar soporte e asesoramento aos investigadores dos centros de investigación.
- Seguimento de convocatorias externas e propias da UDC.
- Elaboración e mantemento de paneis de indicadores de RRHH.
- Seguimento das políticas de implementación do selo europeo HRS4R (**Human Resources Strategy for Researchers**).
- Analizar as políticas e accións comúns de xestión da investigación para o conxunto dos seus integrantes da Rede de centros e unidades I+D+i.
- Desenvolver mecanismos de simplificación nos diferentes centros e unidades de investigación.
- Dar a coñecer as experiencias, boas prácticas, accións e recursos que melloren as capacidades de investigación dos seus integrantes.
- Ofrecer asistencia aos centros de investigación e unidades I+D+i na preparación de convocatorias.
- Seguimento dos vínculos con outros sistemas de I+D+i tanto no ámbito do SUG como en contextos nacionais e internacionais.
- Elaboración da memoria anual da actividade da Rede de centros e unidades de I+D+i.

Duración do contrato:

O contrato se concertará por tempo indefinido.

Requisitos das persoas candidatas:

Licenciatura, enxeñaría, grao o equivalente.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83IOdeW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83IOdeW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**Criterios de selección** (Valoración sobre 100 puntos)Titulación académica (máximo 25 puntos)

- Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica (máximo 20 puntos). A relación de titulacións consideradas estará relacionada coas temáticas de RRHH/RRLL e terase en consideración unicamente as seguintes:
 - Relacións Laborais e RRHH (20 puntos)
 - Psicoloxía (10 puntos)
 - Dereito (5 puntos)
 - Socioloxía (5 puntos)

Modo de acreditación: fotocopia do título.

- Mestrado en Dereito do Traballo, Relacións Laborais ou Estudos Europeos (5 puntos)

Modo de acreditación: fotocopia do título.

Idiomas (máximo 20 puntos)

- Nivel de coñecemento da lingua inglesa segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), cun nivel mínimo B2 (máximo 10 puntos).
 - B2: 7 puntos.
 - Superior a B2: 10 puntos.

Modo de acreditación: Certificado do nivel de coñecemento da lingua estranxeira correspondente no que figure o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER).

- Nivel de coñecemento doutro idioma estranxeiro segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), cun nivel mínimo A2. (máximo 5 puntos)
 - A2: 3 puntos.
 - B1: 4 puntos.
 - Superior a B1: 5 puntos

Modo de acreditación: Certificado do nivel de coñecemento da lingua estranxeira correspondente no que figure o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER)

- Nivel de coñecemento da lingua galega, cun nivel mínimo CELGA 4. (5 puntos)

Modo de acreditación: certificado CELGA 4 ou superior.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Experiencia profesional (máximo 30 puntos)

- Experiencia laboral acreditable mínima de 3 anos no ámbito empresarial en materia de:
 - Xestión de RRHH.
 - Xestión de equipos de traballo complexos.
 - Organización e optimización de procesos.
 - Xestión Económica.

Máximo 20 puntos. 0,5 puntos por mes traballado (incluído o mínimo exixido).

Nota: soamente serán computables meses enteiros traballados (non serán computables as fraccións de mes que resulten da suma dos contratos).

Modo de acreditación: vida laboral e copias de contrato. Acompañarase dunha declaración responsable da persoa candidata indicando as funcións realizadas durante o período de vixencia de cada un deses contratos.

- Experiencia laboral acreditable mínima de 6 meses no ámbito universitario en materia de:
 - Asesoramento e captación do persoal investigador.
 - Monitorización e seguimento das convocatorias competitivas.
 - Análise de indicadores de estruturas de investigación universitarias e do persoal investigador.
 - Soporte na xestión de estruturas de investigación universitarias.

Máximo 10 puntos. 1 punto por mes traballado (incluído o mínimo exixido).

Nota: soamente serán computables meses enteiros traballados (non serán computables as fraccións de mes que resulten da suma dos contratos).

Modo de acreditación: vida laboral e copias de contrato. Acompañarase dunha declaración responsable da persoa candidata indicando as funcións realizadas durante o período de vixencia de cada un deses contratos.

Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

Se entrevistará ás persoas candidatas con puntuación superior a 60 puntos na suma de todos os méritos. Se ningún candidato obtén una puntuación superior a 10 puntos nesta fase, a praza quedará sen cubrir.

Nota: a entrevista versará sobre o coñecemento experto da persoa candidata, tanto no ámbito empresarial coma no universitario, nos seguintes aspectos: xestión de RRHH e equipos de traballo, organización e optimización de procesos, análise e elaboración de KPIs, experiencia demostrable na preparación e asesoramento de convocatorias en concorrência competitiva...

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A persoa seleccionada deberá presentar a documentación acreditativa, orixinal ou cotexada, dos méritos alegados no proceso de selección nun prazo máximo de 5 días desde a publicación da resolución da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC. A falta de acreditación ou a acreditación incompleta de méritos e requisitos suporá a exclusión definitiva do/a aspirante seleccionado/a.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	18/04/2024 13:06:10
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kk+o4rP83I0deW/NuFznBw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

